



CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: concello@ccarballedo.e.telefonica.net

ANUNCIO

De conformidade co ordenado pola Alcaldía procédese á publicación da Resolución de data 24 de maio de 2024 pola que se nomean os membros do Tribunal cualificador dos procedementos incluídos no proceso selectivo convocado mediante acordo de Xunta de Goberno Local de data 24 de novembro de 2022 para o ingreso como persoal laboral fixo no Concello de Carballedo polo sistema de concurso-oposición, acceso libre, cota xeral, incluídas na oferta de emprego para o ano 2022 (Bop. núm. 119 de 26 de maio de 2022) e se lles cita para que comparezan o día 6 de xuño de 2024 (xoves) ás 10:00 horas na Casa do Concello de Carballedo para a súa constitución e posterior valoración de méritos e exame das persoas aspirantes admitidas

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o expediente de consolidación de emprego do Concello de Carballedo, tramitado ao abeiro da disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, no seu artigo 2 que autoriza unha taxa adicional para a estabilización do emprego temporal para aquelas prazas que reúnan os criterios específicos de temporalidade.

Visto que con data 5 de decembro de 2022 foron publicadas no BOP de Lugo as bases xerais e específicas e convocatoria de probas selectivas para a selección das prazas de persoal laboral fixo derivadas do proceso especial de estabilización do emprego temporal de longa duración (Art. 2 e disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público) incluídas na OPE extraordinaria 2022 do Concello de Carballedo (BOP núm.119, do 26.05.2022).

Visto que, conforme ao disposto na Base xeral sétima, o Tribunal cualificador estará integrado por 5 membros titulares e suplentes (que poderán actuar indistintamente) e será nomeado pola presidencia do Concello de Carballedo, publicándose a resolución no BOP, na web corporativa e no taboleiro de anuncios da Entidade.

Resultando ademáis que estará composto por persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo, debendo posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ás prazas que se convocan.

Visto que non constando alegacións á listaxe provisional de candidatos admitidos publicada con data 24 de febreiro de 2024 no BOP Núm. 046 de Lugo dita listaxe foi elevada a definitiva sen necesidade dunha nova publicación.

Vistas as competencias conferidas en materia de Réxime Local

RESOLVO

PRIMEIRO.- Nomear as persoas que de seguido se detallan membros do Tribunal cualificador dos procedementos incluídos no proceso selectivo convocado mediante acordo de Xunta de Goberno Local de data 24 de novembro de 2022 para o ingreso como persoal laboral fixo no Concello de Carballedo polo sistema de concurso-oposición, acceso libre, cota xeral, incluídas na oferta de emprego para o ano 2022 (Bop. núm. 119 de 26 de maio de 2022) na taxa adicional de estabilización á que se refire a da 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro.





CONCELLO DE CARBALLO (LUGO)

Plaza V. Portomefe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: concello@ccarballo.e.telefonica.net

PRESIDENTE/A.

Titular: D. David Criado Taboada, Funcionario da Administración Local con Habilitación de carácter nacional, Secretario Interventor do Concello de Agolada.

Suplente: D^a. Irene Suárez López, Funcionaria da Administración Local con Habilitación de carácter nacional, Secretaria Interventora do Concello de Cabanas.

VOGAIS.

1º Titular: D. José Manuel Fernández López, Funcionario Técnico de Xestión do Concello de Taboada.

Suplente: D. Carlos Piñeiro Sarmiento, Funcionario da Administración Local con Habilitación de carácter nacional, Secretario do Concello de Mos

2º Titular: D^a. Susana Martínez Rodríguez, Funcionaria Técnico de Xestión do Concello de Chantada.

Suplente: D^a. Alejandra Pardo Vázquez, Funcionaria da Administración Local con Habilitación de carácter nacional, Secretaria do Concello de Cariño.

3º Titular: D^a Concepción Fernández-Novoa Valladares, Funcionaria da Administración Local con Habilitación de carácter nacional, Secretaria Interventora do Concello de Villamarín.

Suplente: María Dolores Rodríguez Gómez, Funcionaria, Traballadora social do Concello de Taboada.

SECRETARIO/A: Titular: Fernando Torre Comesaña, Secretario Interventor do Concello de Carballo

Suplente: D^a Nadia Díaz Vázquez, Funcionaria da Administración Local con Habilitación de carácter nacional, Secretaria Interventora da Agrupación integrada polos Concellos de Taboada e Guntín

SEGUNDO.- Citar aos membros do Tribunal, para que comparezan o día 6 de xuño de 2024 (xoves) ás 10:00 horas na Casa do Concello de Carballo para a súa constitución e posterior valoración de méritos e exame das persoas aspirantes admitidas.

TERCEIRO.- Convocar aos candidatos admitidos ás 10:30 horas do día 6 de xuño de 2024 (xoves) na Casa do Concello de Carballo para a realización das probas previstas nas respectivas Bases específicas

CUARTO.- Ordenar a publicación da presente resolución no BOP, na web corporativa e no taboleiro de anuncios da Entidade.

QUINTO.- Comunicar que cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. Non obstante, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao





CONCELLO DE CARBALLO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: concello@ccarballo.e.telefonica.net

procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas.

*Documento asinado electrónicamente en Carballo
O Alcalde.*

